

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 09:30 horas do día 20/12/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D^a. M^a ISABEL COUSELO TORRES** en substitución de **D^a. M^a LUISA SANCHEZ MENDEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D^a M^a SANDRA BASTOS MIGUEZ, D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D^a BELEN CACHAFEIRO ANTA, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D^a DIGNA RIVAS GOMEZ, D. GREGORIO LUIS AGIS GOMEZ, D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** en substitución de **D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ** e **D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 22 de novembro de 2024

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA “VIII EDICION DOS PREMIOS PROVINCIAIS Á XUVENTUDE 2024”

Por RP 2024001219, aprobáronse as bases reguladoras da VIII Edición dos premios provinciais á xuventude 2024.

Presentáronse un total de 100 proxectos das 188 preinscricións rexistradas. A dotación económica prevista é de 36.000,00 € distribuídos en diferentes categorías e subcategorías.

Outórganse un total de 40 premios por un importe de 33.850,00 €.

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR ESTATAL PARA O ANO 2024.

A XG na súa sesión ordinaria de 05/12/24 acordou aprobar a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024.

Concedéronse un total de 532 solicitudes por importe de 600.000,00 € dos cales 519 solicitudes por importe de 500.000,00 € son para ámbito inferior a estatal e 13 solicitudes por importe de 50.00,00 € para fútbol preferente Galicia Grupo Sur, quedando 8 solicitudes excluídas por diferentes motivos.

O prazo para a xustificación remata o 31 de xaneiro de 2025.

4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN OFICIAIS NO ANO 2024.

A XG na súa sesión ordinaria de 05/12/24 acordou aprobar a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participan en



competicións oficiais no ano 2024.

Concedéronse un total de 54 solicitudes por importe de 500.000,00 €, sendo 280.000,00 € para 27 solicitudes na modalidade de Piragüismo, 145.000,00 € para 16 solicitudes na modalidade de Remo 11 75.000,00 € para 11 solicitudes na modalidade de Vela, quedando 1 solicitude excluída por non estar ao corrente coa AEAT.

O prazo para a xustificación remata o 31 de xaneiro de 2025.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 09:53 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

